

Sr. alcalde-presidente do Concello de Tui  
Praza do concello, 1  
36700 Tui (Pontevedra)

Expediente: G.6.Q/25989/17

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2017

Sr. alcalde:

Ante esta institución, mediante chamadas telefónicas, compareceu solicitando a nosa intervención [REDACTED] (pediunos que redactáramos a súa queixa -ela non pode escribir-).

Indícanos que vive soa, está enferma, non ten nada para comer e se atopa nunhas condicións hixiénicas lamentables.

Tras poñernos en contacto cos servizos sociais do Concello de Tui confirman o dito por [REDACTED]; coñecen a súa situación e informan de que se lle subministraron alimentos que rexeitou porque non lle gustan, co cal acabou renunciando a esta axuda.

No ano 2015 tivo durante 3 meses axuda no fogar e neste momento atópase pendente de que se lle aprobe o PIA correspondente. Tamén aseguran que sofre unha enfermidade, diagnosticada polo seu médico de cabeceira, que provoca que ela teña unha actitude de non colaboración coas axudas que se lle queren facilitar. A traballadora social insiste no feito de que non saben que facer con ela. Non atopan solución para axudala.

Volveu chamar para pedir axuda de novo. Dá queixas de todos os que a tratan (médico de cabeceira, servizos sociais...). Di que queren que ingrese no hospital, pero ela négase.

Volvemos falar telefonicamente cos servizos sociais, que indican que ante a actitude xeral da persoa reclamante consideran que debe darse conta de todas as circunstancias (médicas, sociais, familiares...) ao xulgado co fin de que se considere a procedencia das medidas que correspondan.

Ao considerar que esta queixa reúne os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional derivada dos artigos 41 e 49 da Constitución, admítese a trámite e promóvese a investigación sumaria e informal

para o esclarecemento dos supostos en que se basea, dando conta diso a vostede para os efectos previstos no artigo 22.1 da citada Lei do Valedor do Pobo.

En consecuencia, requirimos dese concello que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información sobre o problema que motivou a queixa, en particular sobre a comprobación das circunstancias enunciadas nela; sobre o curso do procedemento de dependencia; sobre a situación trasladada ao xulgado e a orientación do servizo ou apoios que poden corresponder; sobre as medidas adoptadas ou previstas; e sobre as demais circunstancias relevantes.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e saúdoo atentamente.

Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo

[REDACTED]

Expediente: U.8.Q/25990/17

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2017

Estimada Sra. Torres:

Como sabe, foi recibido nesta institución o seu escrito de queixa, e deu lugar ao expediente co número arriba indicado.

Unha vez estudada a súa queixa, dámola por admitida ao entender que reúne os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo.

En consecuencia, coa data de hoxe iniciamos as actuacións oportunas ante a Consellería de Infraestruturas e Vivenda. En concreto requirimos a ese órgano que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información sobre o problema que motivou a súa queixa. Tan pronto como recibamos o preceptivo informe que esa consellería ten que remitirnos, poñerémonos de novo en contacto con vostede para darlle conta da nosa actuación ao respecto.

Informámola de que a admisión a trámite da súa queixa non suspende en ningún caso os prazos previstos nas leis para presentar recurso contra a resolución administrativa controvertida, tanto na vía administrativa como na xurisdiccional, no caso de que conte con estas vías de defensa e que vostede desexe facer uso delas.

Agradézolle a confianza que nos demostra e reciba un atento saúdo.

Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo

[REDACTED]  
[REDACTED]  
[REDACTED]

Expediente: G.6.Q/25989/17

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

Estimada Sra.:

Nesta institución iniciouse procedemento de queixa como consecuencia do seu escrito relativo á súa situación.

Ante iso requirimos información ao Concello de Tui, que xa nolo remitiu. Consiste nun amplo informe dos servizos sociais.

Conclúese que se solicitou o pronunciamento xudicial sobre a súa situación e que o xulgado competente resolverá o que proceda. Ao respecto é de sinalar que o art. 20 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, preceptúa que a institución non entrará no exame individual daquelas queixas sobre as que estea pendente resolución xudicial e suspenderao se, iniciada a actuación, se interpuxere por persoa interesada demanda ou recurso ante os tribunais ordinarios ou o Tribunal Constitucional.

Procedemos á conclusión do expediente, sen prexuízo de reabrilo ante novos datos ou criterios.

Agradézolle a confianza que nos demostrou e reciba un atento saúdo.

Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo